

[24 de decembro, martes]

## 1

### O bo veciño

Son as dez da mañá. O único ascensor que hai no número 12 da rúa Ecuador tarda unha eternidade en completar o percorrido. Só é unha viaxe de seis pisos ata a planta baixa, pero a cabina demórase coma se tivese que descender desde o mesmo ceo. Nada máis lonxe, a dicir verdade. Cando por fin chega ao seu destino, a porta aínda tarda un pouco en abrir. Tanto coma o que lle leva ao seu único ocupante empuxar a peza de ferro e vidro translúcido. Unha vez aberta, do interior asoma a barriga dun home corpulento. A gorra que lle cobre a cabeza apenas deixa adiviñarlle no rostro unha grosa montura de pasta con cristais escuros, unha barba branca, curta e afeitada sen demasiado esmero, e unha expresión grave, concentrada. Avanza con lentitude, como con torpeza, e calquera que non o coñecese podería pensar na súa idade como a razón para esa maneira de moverse. Pero non, non é por iso. Porque aínda que aparente outra cousa, en realidade este home non é tan maior. Pouco máis de setenta anos. Setenta e tres, para ser exactos. Agora ben, tamén cabería sinalar que foron setenta e tres anos de pura vida desatenta, malos coidados e peores hábitos, iso si.

Ao saír do ascensor, o vello solta a porta, que vai bater con forza contra o marco. E aínda que xa debería estar afeito, pois é o ascensor do edificio no que, polo visto, leva vivindo media vida, o home vólvese, sobresaltado, para botarlle unha ollada incómoda por enriba do ombreiro. Un deses xestos de vello roñón, coma se semellante estrondo lle parecese unha impertinencia. Comeza a rosmar algo, pero non tarda en abandonar o aceno torcido, tan rápido como se decata de que non estará só por moito tempo: fóra, na rúa, alguén acaba de deterse ante o portal.

Trátase dunha muller nova, que chega guiando o carriño dun bebé. Incómoda, frea o coche cunha man mentres coa outra remexe no bolso. Domingo sorrí ao comprender esa capacidade que teñen todas as chaves para non aparecer nunca no bolso dunha muller e faille un sinal para que non se preocupe, que xa el se encarga.

Con tanta axilidade como pode, baixa os catro chanzos que o separan da entrada e abre o portal para deixarlle o paso franco á moza. Ela agradécello cun sorriso fuxidío á vez que avanza co carro ata o pé das escaleiras, e o vello respóndelle con outro aceno amable. Pero o seu, el ben o sabe, vai tan cargado de amabilidade como de algo máis. Ese algo en que calquera cabaleiro español advertiría as derradeiras brasas dunha antiga galantaría. De feito, Domingo é un vello raposo, un truán curtido en mil batallas amorosas. Ou polo menos así é como a el lle gustaba lembralo...

—Bos días, e bo Nadal!

—Iso será mañá, non lle parece? —dille a muller finxindo cordialidade—. Aínda que tampouco me faga moito caso, que nós non lle somos dese tipo de celebracións...

Desconcertado, Domingo conxela o sorriso no rostro.

—Ai, non? Vaia, e logo por que? —pregunta—. Non me digas que sodes testemuñas de Xehová ou algo diso...

—Pois non —retruca ela molesta—, non somos nada *diso*. Pero tampouco cremos que haxa por que deixarse arrastrar por estas campañas de consumismo tan salvaxe, non cre?

—Consumismo, dis...? —o vello fica perplexo, coma se de súpeto tivese a sensación de que lle están gastando unha broma—. Pero muller, se é Nadal!

—Seino —responde a moza cortante—. Pero eu non lle teño a culpa.

Sorprendido pola resposta, Domingo non sabe moi ben que dicir.

—Si, claro... Oes, queres que che axude a subir as escaleiras? —ofrécese, por cambiar de tema, á vez que xa bota as mans á estrutura do carriño.

Pero a muller, lixeira, volve atallalo.

—Non se preocupe —rexeita cun sorriso aínda máis forzado ca o primeiro—, xa estamos acostumadas a facelo todo soas.

E aí, sen agardar resposta por parte do ancián, a muller agarra o carro e sobe as escaleiras. Non é que sexa precisamente unha manobra fácil, pero ela deixou claro que o prefire así. E Domingo, co sorriso permanente, comprende que a leria chegou á súa fin.

*Vaia...*

O vello murmura unha despedida de cortesía e dá a volta, disposto a saír á rúa. Abre o portal e avanza uns pasos cara ao

exterior, deixando que a folla peche ás súas costas. Curiosamente, ao contrario do que sucede coa do ascensor, que sempre pecha de golpe, a do portal faino lenta e suavemente. Pero, con todo o que se demora, el aínda segue aí.

O vello non se move.

Co lombo pegado á porta de aluminio e cristal, Domingo bota un par de olladas. Primeiro á súa esquerda, logo á súa dereita. Ao ceo, á fronte, e de novo aos dous lados. E non é ata estar seguro de non apreciar nada que se poida considerar como unha ameaza cando Domingo aperta sobre o peito as lapelas do abrigo e, por fin, comeza a andar.

Con paso firme, sen apenas levantar a ollada do chan, o ancián baixa pola rúa de Velázquez Moreno e vira á esquerda ao chegar á de Policarpo Sanz, sen entreterse con nada nin con ninguén ata chegar á pastelería Arrondo, xusto fronte ao teatro García Barbón.

—Bos días —saúda con xesto serio.

—Home! —moito máis risoña ca el, a muller por tras do mostrador dedícalle unha mirada desenfadada mentres continúa ordenando unha remesa de pasteis no expositor—. Bos días, don Domingo, e bo Nadal!

Pero Domingo non comparte o entusiasmo.

—A ver, iso será mañá, non che parece?

—Si, home, pero tampouco hai por que escatimar bos desexos, non? Que, que vai ser? Algo especial para compartir esta noite coa familia, talvez?

Mais o vello non contesta. Aperta os beizos e limítase a concentrarse na contemplación do expositor, ateigado de todo tipo de doces e pasteis.

—Pois mira —responde á fin—, hoxe vou levar un milfollas destes que tes aquí —sinala co dedo índice, fraco e osudo—. O da dereita, o máis grande.

Esta vez é a dependenta a que cala. Inclina a cabeza, buscando no lugar que lle marca o home, golpeando o cristal do expositor coa uña, e esboza un sorriso canso.

—Nada máis ca un milfollas? —pregunta, devolvéndolle unha mirada de medio lado.

—Si —confirma o home—, claro.

—Pero, entón, é só para vostede?

A Domingo parece incomodalo tanta preguntuña. Suspira de mala gana e ergue a cabeza.

—A ver, acaso non cho estou dicindo? —funga.

A muller deixa escapar un suspiro sonoro, incómodo.

—Reláxese, home, e non se me sulfure, que xa llo poño...

Fala co mesmo ton de quen non está de acordo coa orde recibida dun superior.

—Pero unha cousa lle digo, eh. Se isto o vai comer vostede soíño, logo non me veña con historias de que lle subiu a diabetes, nin de que se lle volveu disparar o azucre, nin de nada. Que moito falar, pero logo sempre se pon vostede coma un bocoi, don Domingo. E xa me ten máis que frita!

Domingo despreza a advertencia da muller cun ademán de desinterese e aparta a mirada cara á imaxe da rúa, reflectida no espello ao outro lado do mostrador, mentres a dependenta lle envolve o pastel. E entón ve algo.

Unha ollada que se cruza coa súa. É apenas nada, un segundo, quizais menos. Unha décima de segundo. Un nada. Pero xuraría que alguén o observa desde o exterior.

Sorprendido, Domingo vira sobre si mesmo. Pero non ve ninguén. Volve buscar a imaxe no espello. E tampouco, esta vez xa non descobre nada no cristal. Aínda así...

Vólvese unha vez máis e retrocede ata deterse xunto á porta. Mira aos dous lados dos vidros do escaparate, pero aí fóra ninguén repara nel. Séntese incómodo. El xuraría...

—Ocorre algo?

O vello non presta atención á voz da muller.

—Don Domingo —insiste—, atópase vostede ben?

Don Domingo segue sen responder. Hai xente na rúa, si. Homes e mulleres que van e veñen. Trátase dunha das rúas máis importantes da cidade. Céntrica, ampla, con moito tráfico. E está a parada do autobús, xusto diante da porta da pastelería. E as tendas de roupa, e os bancos... E a hora punta, e tamén o frío. Pero ninguén que repare nel.

—Si —di finalmente—. Estou...

—Que?

Domingo aperta os beizos.

—Non, nada. É que pensei que vira alguén... Escoita, dime o que che debo.

Media hora máis tarde, Domingo volve dobrar a esquina da rúa Ecuador co único pensamento de chegar á casa e papar dunha vez o pastel. Que para iso era, home. Que aos seus anos xa poucos gustos pode darse. Que na súa situación, só e sen ninguén que agarde por el na casa, xa está de volta de todo como para andar con segundo que formalismos. Noiteboa? Si, home, si... Que Noiteboa nin que farrapo de gaita?

Abre a porta, e nesta ocasión o ancián non se cruza con ninguén no percorrido, de maneira que para cando remata de

subir os catro chanzos e entra no ascensor, a folla do portal aínda non acabou de pechar.

Lento como é para baixar, o ascensor aínda o é máis para subir. E Domingo non pode evitar percibilo: malia ser apenas mediodía, xa cheira a comida. A estas horas, os veciños xa están ocupados preparando o marisco para as ceas e o aroma a lagostino cocido cóase por todos os recunchos do edificio.

O ascensor detense na súa planta xusto cando o ancián comezaba a sentir que non podía máis. A súa vexiga xa non é a que era, e Domingo asoma o corpo ao relanzo do sexto coa urxencia debuxada no rostro. Por fin ante a porta do apartamento, e aínda co pastel na man esquerda, sacode o chaveiro coa dereita, intentando localizar dunha vez a chave correcta, sen deixar de se balancear, incómodo, dun pé ao outro. Deus, xa non pode máis... En voz alta maldí a súa torpeza e dise a si mesmo que a este paso aínda acabará mexando por el, cando de súpeto algo chama a súa atención. Un ruído seco. Á súa dereita, nas escaleiras. Deixa de mover as chaves e queda en silencio. Á escoita.

Pero non oe nada.

A vexiga advírteo unha vez máis de que se deixe de historias e Domingo concéntrase de novo en atopar a chave do apartamento. Pero entón volve escoitalo. Si, aí hai alguén, no tramo que vén do quinto piso.

—Ola?

Ninguén responde.

—Oia! —insiste, á vez que se vira lixeiramente para asomarse en dirección ás escaleiras—. Quen anda aí?!

Pero tampouco esta vez obtén resposta. A baixada ao piso inferior está envolta nunha negrura que, de súpeto, inquieta o

vello Domingo. O relanzo do sexto tan só está iluminado pola ínfima claridade que se filtra a través dunha pequena xanela que dá ao patio interior. E a Domingo xa non lle parece suficiente. Nin protectora. Pulsa o interruptor da luz das escaleiras para descubrir que, casualmente, non funciona. E comprende.

Non, esa avaría pode ser calquera cousa menos casual.

Non, algo non vai ben.

Incómodo, traga saliva e lembra o chaveiro que aínda ten na man. E fai por atopar dunha condenada vez a chave da súa casa. Eponse nervioso, e non só non a atopa, senón que agora as chaves cáenlle ao chan. E abáixase tan rápido como pode para recollelas. E entón volve escoitar o ruído. E aí está.

É un paso. Un paso perdido no centro da escuridade.

E Domingo permanece inmóbil, aínda agachado.

E outro paso máis. Alguén está a subir desde o quinto.

E Domingo aperta os dentes.

E entón cae na conta desoutro ruído.

É un zunido eléctrico. Un son agudo e crebado, coma o dun daqueles antigos flashes fotográficos volvendo cargarse logo dun disparo. Pero el sabe que isto non é un flash...

Domingo intenta reaccionar. Poñerse en pé. E fuxir. Por onde sexa. Cun xeonllo no chan, repara na fina franxa de luz que se coa baixo a porta do ascensor. Ninguén o chamou, de maneira que aí segue, agardando. Pensa nunha virada rápida, un movemento que lle permita volver meterse no ascensor, e...

Pero non chegará a facelo.

Cando queira comprender o que sucede xa será demasiado tarde. Porque o vello Domingo apenas ten tempo de tensar os músculos antes de sentir o impacto, o tacto frío do aparello



sobre o pescozo. E de maneira instantánea, a descarga eléctrica. Un lategazo terrible que, coma un lóstrego, feroz e violento, lle atravesa o corpo, sacudíndoo desde a cabeza ata o vértice de cada unha das extremidades, para acabar empurrándolle a cara contra o chan do relanzo, co milfollas esmagado baixo a fazula. E, xusto a continuación, a picada.

Un aguillón rápido e frío na garganta, e o último que verá antes de pechar os ollos serán as súas lentes, caídas sobre as baldosas, xusto á beira dunha bota de montaña.

Ese será o momento, o instante exacto en que Domingo perderá o coñecemento. E, sentindo o tacto frío do chan e, case ao mesmo tempo, toda esa humidade, estrañamente cálida, entre as pernas, o ancián desvanecerase comprendendo: era cuestión de segundos que a súa vexiga se rendese.

**(catro instantes de consciencia)**

Un.

Nalgún espazo escuro, denso e pesado, afogado no fondo do seu pensamento, o vello Domingo resístese a deixarse ir. Fai forza, pelexa por recuperar a consciencia. Por regresar á superficie. Pero non pode, e soamente percibe detalles soltos, pequenos escintileos de claridade. Talvez algo semellante ao movemento, algunha sensación... Como ese vaivén.

Si, Domingo intúe que está en movemento. Pero non é el quen se move. Non, el permanece deitado sobre algún medio de transporte en marcha. Algo que avanza rápido, moi rápido. Están a levalo nalgún vehículo. Intenta concentrarse. Estaba a chegar á súa casa e perdeu o coñecemento. Lembra a súa imaxe no chan, vagamente reflectida nos cristais das súas lentes. É unha ambulancia, quizais? Fai por abrir os ollos. Pero non, non pode ser. Demasiado escuro. E demasiado frío. O vello sente ese frío intenso asaltando o seu corpo desde as costas. Está tombado, intentando dicir algo. Pero só e capaz de balbucir. E non obtén resposta. Será porque non logra articular nin unha soa palabra, en realidade? Inténtao unha vez máis pero,

como nun mal soño, comprende que nin sequera é capaz de abrir a boca. Volve intentalo. O chan, os bordos redondeados, coa man percibe o tacto frío do metal. E cre comprender. Está só, indefenso, deitado no chan dalgún vehículo de carga. Unha furgoneta? Quere protestar, pero a rabia convértese en angustia. E logo quere gritar. E daquela chega a virada brusca. A sacudida. Unha curva tomada a demasiada velocidade, e o corpo de Domingo, incapaz de mover un brazo, moito menos de se aferrar a nada, sae despedido contra un dos laterais, e a súa cabeza vai golpear contra Deus sabe que. E a súa consciencia volve desaparecer polo sumidoiro dunha queixa xorda, afogada e sen voz, envolvida no cheiro dos seus propios ouriños.

Dous.

Algo o trouxo de volta. O movemento seco. O vehículo permanece inmóbil. Detívose? Si, iso parece, e o que percibe agora é o son que chega desde o exterior. Portas que se abren e portas que se pechan. E golpes graves, metálicos e compactos. Son as portas do vehículo. Diante. E tamén detrás. Canto tempo permaneceu inconsciente? Non o sabe... Minutos? Horas, talvez? As portas do compartimento de carga. Alguén abriu o portón aos seus pés, e agora agárrao polas pernas e tira del. Debería resistirse, debería defenderse. Debería facer algo. Pero non pode. No seu interior segue pelexando por reaccionar. Pero non pode. Con dificultade, apenas é quen de comprender algo do que sucede ao seu redor.

*Concéntrate.*

De acordo. Agora xa non está deitado. Non, agora está sentado. Está sentado e á vez en movemento. Unha cadeira de rodas, claro. Percibe algo máis, a brisa fría, xeada, que lle corta a cara.

*Esperta, esperta...*

Comprende que está no exterior, e loita con todas as súas forzas para non deixarse levar de novo pola inconsciencia. Pelexa duro consigo mesmo ata conseguir abrir os ollos. Case nada, apenas unha fenda, o xusto para poder comprender algo. Pero non é moito. A luz, tenue e fría, das primeiras horas da tarde. De xeito que iso é, non pasou tanto tempo... Está no exterior, pode sentilo no tacto frío da pel. Pero apenas logra identificar a claridade. Atravesa o que algunha vez debeu de ser unha especie de xardín, e que agora é un espazo de vexetación descoidada nos primeiros días do inverno mentres alguén empurra a cadeira de rodas en que o levan. Quen é, quen está aí? Abrir os ollos como para debuxar apenas unha liña do horizonte xa é un esforzo colosal, canto máis intentar virar a cabeza. Volve perder a consciencia xusto antes de chegar ao seguinte espazo. Esgotado, déixase ir no baño da luz laranxa que empapa esta especie de alpendre de madeira, aberto no outro extremo do xardín.

Tres.

Volve espertar. Esta vez é o estrondo o que o trae de regreso. O bater rítmico dalgún tipo de mecanismo. Impactos, metal sobre metal. Intenta abrir os ollos, pero non pode. Toda esa

claridade ao outro lado das pálpebras... Inténtao unha vez máis, abre os ollos, mais apenas chega a enfocar cun mínimo de nitidez. Formas, estruturas... Parecen mobles antigos. Altos, moi altos. Demasiado. Séntese pequeno. Séntese coma un neno, e a punto está de deixarse ir de novo. Pero non o fai. Loita por manterse nese acceso de consciencia. Que é pouca, pero que é algo. Procura pensar, e logo comprende algo máis.

*Concéntrate, pode ser importante...*

O que ocorre non é que os mobles sexan altos: é que el está tirado no chan. E de novo volve sentir o frío. Un frío intenso, aínda que diferente ao de antes. Este é aínda máis feroz ca o da furgoneta. Intenta palpalo unha vez máis, e angústiase ao comprender que está botado sobre un chan terriblemente frío. Cemento. Talvez sexa dunha adega. Ou dun soto, ou dun cortello...

Ou dunha cela.

Sécaselle a boca, por un intre sente como a angustia enchoupa todo o seu pensamento. E logo percibe o risco: a angustia quere ser pánico. E o pánico provoca que un perda calquera posibilidade de control. Ten que abrir os ollos, ten que abrir os ollos. A claridade doe, pero esfórzase por afacerse a ela. Ou, cando menos, por aguantar. Sobre os mobles parécelle identificar algúns tipos de máquinas. Vellas, sucias. E botes e tarros, tamén sucios, grises, amoreados nos estantes. E ferramentas. Pero non consegue ver con claridade. Claro, fáltanlle as lentes. Onde está, onde o trouxeron? Diría que se trata de algo semellante a un taller. E entón estoura o ruído. Un ruído forte e constante,

que o obriga de novo a pechar os ollos. Que ocorre? Seica é un motor? Non, non é iso. Procura calmarse, non deixarse levar pola angustia. Aos seus anos, Domingo é un home con moita vida ás costas, con experiencia. Non pode entrar en pánico.

*Pensa, pensa!*

E entón comprende. O ruído non é dun motor mecánico, senón doutra cousa. Unha serra, é unha serra eléctrica. E ao momento comeza a percibir o cheiro. Ese cheiro tan penetrante, tan característico... Madeira. Si, iso é. Cheira a madeira acabada de cortar. De súpeto, o mecanismo da serra cesa, e un novo son comeza a distinguirse sobre o ruído do motor eléctrico que aos poucos se foi detendo. Pasos. Unha vez máis trata de concentrarse. Debe intentalo, manter os ollos abertos dunha vez. Alguén se achega a el por detrás, e Domingo decide procurar un contacto.

—Escoite...

Pero non hai máis resposta que aqueloutra que xa esquecera. Unha nova picada no pescozo e, de novo, a escuridade.

E, entre o mar de tebras que se abate sobre el, Domingo comeza a ter a sensación de que alguén abanea suavemente a nave en que o seu corpo se converteu. Que a súa vontade xa non é súa, e que alguén o goberna de marea en marea, de derrota en derrota. E, con todo, o certo é que non lle resulta desagradable. Sente coma se o estivesen arrolando nunha sorte de berce. Alguén se move ao seu carón e o ancián déixase levar por un soño, un no que alguén o acariña con suavidade, lentamente, todo ao longo do seu corpo. De arriba a abaixo, de banda a banda...

E entón volve sentir o lóstrego.

Non é máis ca outro lategazo, rápido e fugaz coma o que recibiu nas escaleiras do seu apartamento, só que este non vén cargado de electricidade, senón de razón, de entendemento. De lucidez. Trátase da descarga xusta para comprender que talvez o que ocorra non sexa abalo ningún. Talvez o que suceda sexa que lle están... tomando as medidas?

Domingo quere saír da bruma unha vez máis. Pero non logra facelo. Sexa o que sexa o que lle están inxectando, a última dose aínda é recente e os seus efectos, poderosos. E, á vez que nota como alguén ispe o seu corpo, o vello empeza a soñar cun serradoiro. Sen que poida facer nada por evitalo, desvanécese soñando que entra no taller dun carpinteiro que unicamente constrúe berces.

E catro.

Lentamente, Domingo volve en si. Non sabe canto tempo pasou, pero por fin, agora si, sente que xa non hai nada contra o que loitar. O efecto das drogas xa se dissipou e agora só ten que espertar. A cabeza dóelle moitísimo e sente a boca seca e áspera, pero polo menos sabe que xa non volverá desmaiarse. Comprende a necesidade, a urxencia de ir tomando consciencia da situación. Que é o que está a pasar? Está deitado boca arriba, e segue sentindo frío. Moito frío. Porque agora, ademais, ten a sensación de estar espido, e o instinto lévao a palparse.

Pero non tarda en descubrir que non pode.

Que ocorre?

Trata de levantar as mans, pero estas dan unha e outra vez cunha superficie rugosa e dura que non lle permite chegar ao seu propio corpo. E todo nun espazo moi reducido. Por moito que insista, as mans só poden tocar escasos centímetros dunha mesma estrutura. Abre os ollos, pero non logra ver nada. Está na escuridade máis absoluta. Ou cego. E si, esta vez non pode negalo: definitivamente, Domingo está asustado.

Sentindo o regreso da angustia, o vello Domingo fai por non sucumbir ao medo e intenta erguer a cabeza, pero o brusco do seu movemento convértese en dor instantánea. Con tanta forza como se quixo mover, o único que consegue é golpear a noz contra algo. Unha superficie firme a moi pouca distancia da gorxa. Esfórzase por levantar as pálpebras, por asegurarse de que realmente ten os ollos abertos e que isto non é outro soño. E non, non o é. Aos poucos, a vista vaise afacendo á escuridade e, coas pupilas dilatadas ao máximo, o ancián logra enfocar algo. Non pode levantar a cabeza porque aí diante, xusto sobre o seu pescozo, un pequeno muro non lle deixa ir máis aló. Concéntrase na sensación, no tacto, na pel contra a peza. E comprende. É madeira.

Madeira... Lembra o son da serra eléctrica.

E aí está, unha pequena estrutura feita con táboas, quizais duns vinte ou trinta centímetros de altura, levantada xusto sobre a súa gorxa, coma se dunha especie de guillotina de madeira se tratase. Que é o que sucede?

—Ola?

Pero ninguén responde. Intenta palpar o seu propio corpo de novo, pero o resultado segue sendo o mesmo. Non pode. Porque aínda que sabe que ten as mans ao aire, apenas hai marxe



de movementos, e o único que alcanza a tocar é o mesmo que ten diante dos ollos. Madeira, brava e sen puír. E entón comeza a comprender.

Nalgún momento, entre unha perda de consciencia e outra, Domingo soñou que o metían nun cadaleito e o enterraban vivo. Pero agora decátase da realidade. Non está morto, e tampouco está dentro de ningún féretro. Está vivo, si, aínda que a situación tampouco é que sexa a máis tranquilizadora: completamente espido, parece ter o corpo atrapado no interior dunha caixa de madeira construída á medida, da que só quedaron asomados ao exterior as mans e... os pés? Dispónse a movelos. Si, confirma, os pés tamén. E a cabeza, claro. Por favor, que é o que sucede?

Séguese esforzando por comprender cando, de súpeto, recibe o impacto dunha claridade brutal. O fulgor de varios focos de luz acendéndose arredor da caixa arrasa cos seus ollos, que aínda tardarán un bo anaco en adaptarse á nova situación.

—Espertaches? Ben, xa ía sendo hora. Bo Nadal!

«Iso será mañá», pensa.

Lentamente, Domingo procura volver abrir os ollos. A luz golpea con forza, e a dor na cabeza non axuda. Con coidado, vai enfocando ata onde lle é posible. E volve situarse. Segue no chan da mesma estancia de antes. Os mesmos mobles vellos, as mesmas máquinas... Pero agora está a caixa. Unha enorme peza de madeira de piñeiro na que o seu corpo foi recludo. Alguén camiña alén dos seus pés, alá onde o vello non pode máis que intuír. Desesperado, Domingo volve intentar o diálogo.

—Si, xa estou esperto. Escoite, por favor, non entendo nada... Prégolle que me saque de aquí.

Pero o ancián non obtén máis resposta que o son dos mesmos pasos. Sexa quen sexa a persoa que o acompaña, prefire non falar. Manipula algo fóra do seu campo de visión. Líquido, trátase de líquido vertido nalgún recipiente. E algo máis que Domingo non pode identificar. Algo rozando o cristal... Metal? Si, claro, iso é, está a remexer algo nun vaso de cristal.

—Tes sede.

O único que Domingo recoñece con claridade é que se trata dunha voz masculina, pero pouco máis. Nin sequera é capaz de chegar a discernir se iso foi unha pregunta ou unha afirmación. De todos os xeitos, a Domingo dálle igual. A dor de cabeza, a boca seca e a gorxa áspera responden por el.

—Si...

O home achégase a el por detrás e agáchase ata deixar o rostro a moi pouca distancia do de Domingo. Obsérvao desde unha expresión que ao ancián lle parece por completo carente de vida, se ben tampouco pode aseguralo. Unha das consecuencias da diabetes é que a estas alturas Domingo xa apenas pode ver con claridade sen as súas lentes. As mesmas lentes que quedaron no chan do relanzo, de maneira que o vello só acerta a intuír o vaso que o home lle aproxima aos beizos.

—Que... que é isto?

—Auga con azucre –respóndelle o outro á vez que pega o bordo do vaso aos beizos do vello—, para que recuperes forzas.

O complicado da postura fai que parte do líquido vaia por fóra. Pero non todo. En efecto, Domingo ten sede, e bebe con ansia. E si, o contido é auga, pero, a pesar de vir cargada de azucre, non deixa de reparar nesoutro sabor.

—Aquí hai algo máis...

—Por suposto —admite o home á vez que se retira ao mesmo punto cego de antes—. Laxante.

Domingo engurra o cello.

—Como dis?

—Laxante —repite o home desde o máis indiferente dos tons—. En media hora como moito deberías ter unha crise intestinal severa.

A Domingo vólvelle secar a boca ao decatarse.

—Pero... —traga saliva—, non podo moverme.

A ansiedade do vello continúa sen provocar ningún tipo de reacción no outro.

—Ben, diso se trata.

Cada vez máis angustiada, o vello Domingo comeza a revolveuse con forza no interior da caixa. Por desgraza para el, todos eses movementos só lle serven para comprobar que, en efecto, o caixón está firmemente construído, e non parece alentar demasiadas posibilidades de liberarse del. O ancián aínda continúa intentando algún movemento cando o home regresa xunto a el. Domingo detense a observalo, e comproba que nesta ocasión non vén con auga. Esta vez trae un bote cheo dun líquido escuro e denso nunha man e un pincel na outra. Domingo segue a manobra coa mirada, movendo a cabeza ata onde o seu estreito habitáculo llo permite.

—Que vas facer? —pregunta—, que é iso?

Pero o outro segue sen responder. Limitase a abaixarse unha vez máis e, empapando ben o pincel no mollo, comeza a untar os pés do vello.

—Que fas! —insiste o ancián—, que é iso?

—Sangue —responde á fin o outro—. Ás ratas encántalles.